



A APDR FAI UN CHAMAMENTO Á UNIDADE DOS COLECTIVOS ANTITOURADAS DE PONTEVEDRA.

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR), que tiña expresado xa o seu apoio ás actividades propostas desde a chamada Plataforma Antitouradas de Pontevedra, veuse sorprendido hoxe polo nacemento dun novo colectivo antitouradas na nosa vila, un novo colectivo que –segundo recollen os medios de comunicación- xurde como unha escisión do anterior e resposta ao nome de Coordinadora Antitouradas de Pontevedra.

Sorpréndenos o momento escollido para levar adiante a decisión, pero sorpréndenos máis se cabe o xeito de facela explícita publicamente; a convocatoria por parte do novo colectivo de actividades que, sendo semellantes no fundamental, non coinciden no tempo coas previamente convocadas como plataforma, só pode xerar confusión entre as persoas dispostas a apoialas e contribuirá sen dúbida a desmobilizar a unha cidadanía que –non o debemos esquecer- non ten amosado un grande compromiso con esta loita.

Descoñecemos na APDR as razóns que poden ter provocado a división da Plataforma en dous colectivos e non imos entrar desde logo a valorar a lexitimidade de uns e outros para dar ese paso; o que si entendemos é que a nosa obriga como colectivo ecoloxista que leva liderando desde hai máis de 22 anos a loita pola recuperación do medio ambiente na nosa comarca, é facer un chamamento á responsabilidade de ámbalas dúas partes para chegar a acordos que posibiliten, cando menos, a unidade de acción nesta campaña. Calquera outra decisión terá efectos absolutamente negativos para consolidar o movemento antitouradas na nosa vila, un obxectivo que entendemos debería estar por riba de calquera outro neste momento.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Antón Masa